



## MOCIÓN

### **ADECENTAMENTO DO PARQUE DA XUNQUEIRA**

Pasaron máis de dous anos dende que o B.N.G. levara unha moción ó Pleno do Concello no que se sinalaba a forte degradación que presentaba o Parque da Xunqueira e zonas limítrofes co Parque. Aquela moción foi trocada no Pleno por un rogo ó Sr Alcalde, na confianza e o compromiso de que por parte da Alcaldía sería atendido o mesmo.

Pasaron dous anos e ben é certo que aquel rogo foi atendido nunha pequena parte, que se realizaron algunhas obras que non ían contempladas na moción. Non é menos certo que séguese a notar unha forte degradación no Parque da Xunqueira, ben por razóns de utilización, ben porque os materiais continúanse degradando e tamén por razóns de abandono.

As deficiencias que apreciamos actualmente son as seguintes:

- Desaparición de báculos de alumeadado, que foron retirados quedando o seu cableado o descuberto. cableado que tamén está ó descuberto en báculos de alumeadado das rúas próximas ó parque por terles desaparecido as tapas do cadro eléctrico.
- Degradación e redución das pérgolas, nas que desapareceu o alumeadado das mesmas e partes da súa estrutura metálica, moitas das pérgolas non cumpren a función para a que foron deseñadas, pois nin tan sequera teñen as plantas trepadoras para que sexa realmente un parque cuberto.
- Levantamentos e destragos no enlousado por todo o recinto, viais, zonas próximas á cafetería e bancadas da pista polideportiva.
- Deberíase incrementar o persoal e o tempo adicado á limpeza xa que é insuficiente, e así evitaríase o tránsito de camións cisterna que inda que axudan no baldeo da zona, deterioran os viais que non foron deseñados para aguantar esa carga é preciso incrementalo número de papeleiras.
- Habería que regular de algunha maneira a presenza de vixiancia de xeito que cubrise dous aspectos esenciais para evitar moitos destragos, a vertiente informativa e a disuasoria.
- É necesario o aporte de terra en certas zonas de plantación, non area, sobre todo detrás do escenario.
- Necesidade de reposición de especies arbóreas en aqueles lugares nos que desapareceron e de plantación nas pérgolas.
- Coidado, sobre todo, das árbores aliñadas ó longo do río do Con, pois son árbores de bastante tempo no que hai que lamentar varias desaparicións nestes últimos anos.
- Coidar a estética do parque retirando o palco que está a carón da cafetería e que leva instalado máis dun ano. Para outras veces, mandar retirar con mais dilixencia os valos e casetas para artistas que se usan para as festas xa que se colleu o costume de deixalos amontoados no parque, as casetas deste ano foron retiradas o día 18 de outubro.
- Limpeza dos ríos e vixiancia dos verquidos ós mesmos.

Dada esta situación é polo que o **Grupo Municipal do B.N.G.** propón a adopción do seguinte

## **ACORDO**

- 1. Subsanan as deficiencias que se relacionan no escrito , e tomar de modo urxente as medidas que impliquen a seguridade física dos usuarios do Parque da Xunqueira.**
- 2. Replantear cos técnicos municipais , cando menos , as beirarrúas que circundan o parque e a modalidade de aparcamento, pois debido a estreitez dalgús tramos hai problemas para poder transitar a pé por elas e non digamos toda a problemática que conleva para as sillas de rodas. Colocación de bandas sonoras , pero somente “sonoras” e outro tipo de sinalización vertical que advirta do perigo que a velocidade representa para as usuarias e usuarios do parque.**

Vilagarcia, de agosto de 2000

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**